

**DATAS DE EXAMES FINAIS, AVALIACIÓNS E RECLAMACIÓNS
XUÑO 2025**

SINOPSE DAS ACTIVIDADES

17 de xuño

EXAMES EXTRAORDINARIOS de:
1º de Bacharelato
Educación Secundaria de Adultos

18 de xuño

EXAMES EXTRAORDINARIOS de:
1º de Bacharelato
Educación Secundaria de Adultos

19 de xuño

EXAMES EXTRAORDINARIOS de:
1º de Bacharelato
Educación Secundaria de Adultos

23 de xuño

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA de:
1º de Bacharelato
Educación Secundaria de Adultos
Ciclos formativos

24 de xuño

AVALIACIÓNS FINAIS de:
3º e 4º ESO

RECLAMACIÓNS de:
1º de Bacharelato
Educación Secundaria de Adultos
Ciclos formativos

25 de xuño

AVALIACIÓNS FINAIS de:
1º e 2º ESO

26 de xuño

ENTREGA DE BOLETÍNS DE 1º, 2º, 3º e 4º ESO

RECLAMACIÓNS de:
1º, 2º, 3º e 4º ESO

INFORMACIÓN SOBRE OS EXAMES E AS RECLAMACIÓNS

1º DE BACHARELATO

PUBLICACIÓN DAS NOTAS: As cualificacións da avaliación extraordinaria de 1º de bacharelato publicaranse en ABALAR o día 23 de xuño ás 14:00h. Quen desexe o boletín de cualificacións en papel pode solicitalo na Secretaría do Centro ao día seguinte.

INFORMACIÓN SOBRE AS CUALIFICACIÓNS: O alumnado que desexe algunha información sobre a súa cualificación deberán manifestalo por escrito, mediante solicitude presentada en conserxería o día 23 de xuño e ata as 10h do día 24. O profesorado atenderá ao alumnado o día 24 ás 11:15 horas na Sala do profesorado.

RECLAMACIÓNS ANTE O CENTRO

Reguladas na [Instrución 2/2025 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa](#) e na Orde do 26 de maio de 2023 (artigos 39, 40 e 41).

No caso de que o/a alumno/a non quedase conforme coa información dada polo/a profesor/a da materia, nesa data, pode elevar unha reclamación ante o centro, tendo de prazo o **24 e o 25 de xuño** en horario de oficina (9:00 a 14:00 horas). A solicitude será presentada na secretaría do centro, en modelo oficial. A dirección do centro trasladará a solicitude ao departamento didáctico responsable da materia e comunicará á persoa docente titular.

O departamento didáctico analizará a solicitude de revisión recibida e o informe motivado elaborado pola persoa docente que impartiu a materia obxecto de revisión e elaborará o correspondente informe que recolla a descrición de feitos e actuacións previas que tivesen lugar e a decisión adoptada de ratificación ou modificación da cualificación final obxecto de revisión. O departamento didáctico emitirá unha **resolución antes das 14:00 horas do día 26 de xuño**.

O alumnado que realizou a reclamación ante o centro poderá recoller a resolución o día **27 de xuño** en horario de oficina (9:00 a 14:00 horas).

RECLAMACIÓNS ANTE O DEPARTAMENTO TERRITORIAL

Reguladas na Instrución 2/2025 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e na Orde do 26 de maio de 2023 (artigos 42 e 43).

Se tras o procedemento de revisión no centro persiste o desacordo coa cualificación final, o alumnado poderá presentar por escrito (modelo oficial) á dirección do centro docente os días **30 de xuño e 1 de xullo** unha reclamación ante o departamento territorial correspondente.

ESO

PUBLICACIÓN DAS NOTAS: As cualificacións da avaliación final de 3º e 4º de ESO publicaranse en ABALAR o día 24 de xuño ás 16:00 horas e as de 1º e 2º o día 25 de xuño ás 16:00 horas.

ENTREGA DE BOLETÍNS: Os/as titores/as entregarán os boletíns nas aulas correspondentes o

día 26	1º ESO ás 10:00
	2º ESO ás 10:30
	3º ESO ás 11:00
	4º ESO ás 11:30

INFORMACIÓN SOBRE AS CUALIFICACIÓNS: O alumnado da **ESO** que desexe algunha información sobre a súa cualificación deberá manifestalo por escrito, mediante solicitude presentada en conserxería o día 26 de xuño e ata as 10:00 horas do día 27. O profesorado atenderá aos alumnos/as o día 27 ás 11:00 horas na sala do profesorado.

RECLAMACIÓNS ANTE O CENTRO

Reguladas na [Instrución 2/2025 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa](#) e na Orde do 26 de maio de 2023 (artigos 39, 40 e 41).

No caso de que o/a alumno/a non quedase conforme coa información dada polo/a profesor/a da materia, nesa data, pode elevar unha reclamación ante o Centro, tendo de prazo o **27 e o 30 de xuño** en horario de oficina (9:00 a 14:00 horas). A solicitude será presentada na secretaría do centro, en modelo oficial. A dirección do centro trasladará a solicitude ao departamento didáctico responsable da materia e comunicará á persoa docente titular.

O departamento didáctico analizará a solicitude de revisión recibida e o informe motivado elaborado pola persoa docente que impartiu a materia obxecto de revisión e elaborará o correspondente informe que recolla a descrición de feitos e actuacións previas que tivesen lugar e a decisión adoptada de ratificación ou modificación da cualificación final obxecto de revisión. O departamento didáctico emitirá unha **resolución antes das 11:00 horas do día 1 de xullo**.

O alumnado que realizou a reclamación ante o centro poderá recoller a resolución o día **1 de xullo en horario de 12:00 horas a 14:00 horas**.

RECLAMACIÓNS ANTE O DEPARTAMENTO TERRITORIAL

Reguladas na Instrución 2/2025 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e na Orde do 26 de maio de 2023 (artigos 42 e 43).

Se tras o procedemento de revisión no centro persiste o desacordo coa cualificación final, o alumnado poderá presentar por escrito (modelo oficial) á dirección do centro docente os días **2 e 3 de xullo** unha reclamación ante o departamento territorial correspondente.

CICLOS FORMATIVOS E EDUCACIÓN SECUNDARIA DE ADULTOS

INFORMACIÓN SOBRE CUALIFICACIÓN

As notas enviaranse por ABALAR o día 23 de xuño ás 16.00 horas.

O alumnado que desexa algunha información sobre a súa cualificación deberá manifestalo cubrindo un impreso na conserxería do centro ou un correo electrónico dirixido ao profesor/a da materia correspondente, antes das 10:00 horas do día 24 de xuño. O profesorado informará ao alumnado ás 11:30 h dese mesmo día 24.

RECLAMACIÓNS ANTE O CENTRO

Reguladas na [Instrución 2/2025 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa](#) e na Orde do 26 de maio de 2023 (artigos 39, 40 e 41).

No caso de que o/a alumno/a non quedase conforme coa información dada polo/a profesor/a da materia, nesa data, pode elevar unha reclamación ante o centro, tendo de prazo o **24 e o 25 de xuño** en horario de oficina (9:00 a 14:00 horas). A solicitude será presentada na secretaría do centro, en modelo oficial. A dirección do centro trasladará a solicitude ao departamento didáctico responsable da materia e comunicará á persoa docente titular.

O departamento didáctico analizará a solicitude de revisión recibida e o informe motivado elaborado pola persoa docente que impartiu a materia obxecto de revisión e elaborará o correspondente informe que recolla a descrición de feitos e actuacións previas que tivesen lugar e a decisión adoptada de ratificación ou modificación da cualificación final obxecto de revisión. O departamento didáctico emitirá unha **resolución antes das 14:00 horas do día 26 de xuño**.

O alumnado que realizou a reclamación ante o centro poderá recoller a resolución o día **27 de xuño** en horario de oficina (9:00 a 14:00 horas)

RECLAMACIÓNS ANTE O DEPARTAMENTO TERRITORIAL

Reguladas na Instrución 2/2025 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e na Orde do 26 de maio de 2023 (artigos 42 e 43).

Se tras o procedemento de revisión no centro persiste o desacordo coa cualificación final, o alumnado poderá presentar por escrito (modelo oficial) á dirección do centro docente os días **30 de xuño e 1 de xullo** unha reclamación ante o departamento territorial correspondente.